



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Pedro Merino Gómez
D. Javier De Vicente Remesal
D. Antón Fernández Álvarez
D. Juan M. Suárez Creo
D. Jose M. Da Rocha Álvarez
D. Oscar Rubiños López
D. Julio Taboada Pérez
D^a. Margarita Estévez Toranzo
D^a. M^a Luisa Alonso Escontrela
D. Pedro Antonio Araujo Nespereira
D^a. M^a del Carmen Cabeza Pereiro
D. Manuel Ángel Candelas Colodrón
D^a. M^a Victoria Carballo-Calero Ramos
D. Victor Cardador González
D. Benjamín Pablo Casanova López
D. Pablo Javier Cebra Loureda
D^a. Patricia Corbacho Suso
D. Julia De la Montaña Miguélez
D. Guillermo De Oca Cancela
D. José Durany Castrillo
D. Manuel Fernández Cruz
D. Manuel Fernández Gesto
D. Rubén Garrido Bernárdez
D. José M^a. Gil Villanueva
D^a. M^a Teresa Iglesias Randulfe
D. José Luis Legido Soto
D. Luis Ortiz Torres
D. Antonio Pena Giménez
D. Cándido Pérez Betanzos
D. Manuel Pérez Donsión
D. Jose Pose Blanco
D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal
D. Patricio Sánchez Bello
D. Xoán Xosé Santamaría Conde (UXT)
D. Iago Soto Mata
D. Enrique Valero Gutiérrez Del Olmo
D. Manuel Velasco Graña
D. Federico Vilas Martín
DESCULPA A ASISTENCIA
D. Pedro Membiela Iglesia
D^a. M^a José Roca Fernández

Acta da sesión ordinaria da Xunta de
Goberno da Universidade de Vigo, de vintecatros
de xaneiro de dous mil dous, convocada para as
9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00
horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S. de
Enxeñeiros de Telecomunicación.

O xoves, **día 24 de xaneiro de 2002**,
ás 10:00 horas, comezou a sesión ordinaria da
Xunta de Goberno co obxecto de tratar os
seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (13-12-2001)
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Premios Extraordinarios de Doutoramento.
- 4.- Premios Extraordinarios de Fin de Carrera.
- 5.- Convocatoria de axudas de extensión universitaria.
- 6.- Asuntos de profesorado: visitantes.
- 7.- Proposta de cambio de nome da Facultade de Ciencias Sociais.
- 8.- Proposta de transformación da Escola Universitaria de Enxeñaría Técnico Forestal en Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Montes.
- 9.- Recurso de alzada presentado por Dona Mónica Miguel Lago (Facultade de Ciencias-Vigo) contra a non admisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular.
- 10.- Toma de acordo ante a solicitude de impugnación da convocatoria e acordos do Consello de Departamento de Lingua Española do día 26 de outubro de 2001.
- 11.- Toma de acordo ante a solicitude de impugnación dos acordos do Consello de Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo do día 29 de outubro de 2001.
- 12.- Elección para cubrir as seguintes vacantes en Comisións Delegadas de Xunta de Goberno - Comisión de Extensión Universitaria: 1 vacante no sector de estudantes,
-Comisión de Docencia: 1 vacante no sector de estudantes
- 13.- Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (13-12-2002)

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do Rector.

O Rector informa:

- da constitución dunha comisión elixida no Claustro extraordinario do mes de decembro de 2001, encargada de elaborar propostas relacionadas co desenvolvemento da Lei Orgánica de Universidades.
- da celebración dunha sesión da Xunta de Goberno na que se aprobarán as normas provisionais oportunas no que atinxe á composición e elección de órganos colexiados, en aplicación da disposición transitoria segunda da LOU.
- dos informes xurídicos que estudia a CRUE sobre os recursos de inconstitucionalidade presentados á LOU.
- da adhesión da universidade (a través da Facultade de Ciencias de Ourense) á proposta de concesión da Medalla ó mérito do Tráballo ó Director Xeral de Coren.
- Por último informou de que o Consello de Departamento de Historia, Arte e Xeografía acordou por unanimidade solicitar que se fagan as xestións para parar a tramitación no BOE da praza do Corpo de Catedráticos de Universidade na área de Historia Antiga que fora aprobada na Xunta de Goberno de 13 de decembro de 2001.

Punto 3. Premios Extraordinarios de Doutoramento.

Apróbase por asentimento (anexo I)

Punto 4. Premios Extraordinarios de Fin de Carrera

Apróbanse por asentimento (anexo II).

Punto 5. Convocatoria de axudas de extensión universitaria.

O Vicerrector de Extensión Universitaria fai un resumo dos apartados desta convocatoria.

Apróbase por asentimento (anexo III).

Punto 6. Asuntos de profesorado: visitantes.

Sométense a consideración da Xunta de Goberno a seguinte proposta de contratación de profesores visitantes:

- Dona Josefina Álvarez Andrés, coa categoría de TIT-UN, no Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo.
- Dona María Gómez Rúa, coa categoría de TIT-EU, no Departamento de Estatística e Investigación Operativa.
- Dona Elisabete Pais de Jesús Ramos, coa categoría de ASO-T3P6, no Departamento de Filoloxía Galega e Latina.

O profesor Santamaría fai unha intervención que se recolle no anexo IV.

Apróbase a proposta de visitantes por asentimento.

Punto 7. Proposta de cambio de nome da Facultade de Ciencias Sociais.

O Decano da Facultade de Ciencias Sociais intervén para explicar esta proposta da Xunta de Centro. Considérase mais axeitada a denominación " Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación " tendo en conta as titulacións que nese Centro se imparten e cara a unha mellor proxección no exterior.

Apróbase por asentimento, para a súa tramitación, o cambio de nome do devandito Centro.

Punto 8. Proposta de transformación da Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Forestal en Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Montes.

Intervén o Director da Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Forestal para explicar os motivos desta proposta que foi aprobada en Xunta de Centro.

Os profesores Rodríguez Berrocal e Pérez Donsión solicitan aclaracións sobre a tramitación deste expediente. Os profesores Durany e Santamaría coinciden na conveniencia de que se faga unha boa e cuidada motivación de tódolos aspectos, na memoria de transformación.

Acórdase por asentimento iniciar o expediente de transformación da E.U. de Enxeñería Técnica Forestal en Enxeñeira Técnica Superior de Enxeñería de Montes.

Punto 9. Recurso de alzada presentado por Dona Mónica Miguel Lago (Facultade de Ciencias-Vigo) contra a non admisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular.

O Vicerrector de Docencia e Alumnado explica os antecedentes desta petición. A solicitude de admisión a trámite foi rexeitada en Comisión Permanente do Centro. Presentado o correspondente recurso en Xunta de Centro, neste órgano non foi acadado o quorum necesario polo que non hai acordo ó respecto.

A solicitude que chega a Xunta de Goberno corresponde a materia "Medio Ambiente " da titulación de Ciencias do Mar na que a alumna Dona Mónica Miguel ten sete convocatorias consumidas, sendo esta materia a única que lle queda para ter o título.

O Vicerrector estima que de acordo coa información disponible as cualificacións non parecen "claramente insuficientes". como para non admitir a trámite a petición.

O Rector propón que sexa admitida a trámite.

Os profesores Candelas e Durany se manifestan no mesmo sentido.

O profesor Santamaría fai unha intervención que se recolle no anexo IV.

Sométese o tema a votación:

Votos a favor de estimar o recurso (admitir a trámite a solicitude)	27 votos
Votos en contra	0
Abstencións	2

Estímase o recurso.

Punto 10. Toma de acordo ante a solicitude de impugnación da convocatoria e acordos do Consello de Departamento de Lingua Española do día 26 de outubro de 2001.

O Rector e a Secretaria Xeral explican os antecedentes desta reclamación, así como os informes da asesoría xurídica elaborados sobre esta tema (anexo V).

O profesor Santamaría fai unha intervención que se recolle no anexo IV.

Sométese a votación:

Votos a favor de non admitir o recurso	20
Votos a favor de admitir o recurso	0
Abstencións	3

Desestímase o recurso.

Punto 11. Toma de acordo ante a solicitude de impugnación dos acordos do Consello de Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo do día 29 de outubro de 2001. Toma de acordo ante a solicitude de impugnación dos acordos do Consello de Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo do día 29 de outubro de 2001.

Os profesores Don Pedro Pablo Gallego Veigas, Dona M^a Pilar de Sá Otero, Dona Emilia Díaz Losada, Dona Aida García Molares , Don Manuel Rey Fraile e Dona Mercedes Gallardo presentaron reclamación contra os acordos do Consello de Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo de 29 de outubro de 2001 por un suposto defecto de forma na composición dese órgano.

A Secretaria Xeral aclara que de acordo coa información disponible a composición é correcta.

O profesor Gallego Veigas cita escritos de Secretaría Xeral e de Asesoría Xurídica dos que, supostamente, se deduciría que Dona Nuria Pedrol non cumpre os requisitos para formar parte do Consello de Departamento no sector de bolseiros.

Os profesores Legido e R. Berrocal solicitan aclaracións sobre este tema.

O Rector da lectura ós escritos citados polo profesor Gallego Veigas. Do seu contido non se deduce que sexa incorrecta a inclusión de Dona Nuria Pedrol na relación de membros do Consello (anexo VI).

Sométese o tema a votación:

Votos a favor de non admitir o recurso	24 votos
Votos a favor de admitir o recurso	0 votos
Abstencións	5

Desestímase o recurso.

Punto 12. Elección para cubrir as seguintes vacantes en Comisións Delegadas de Xunta de Goberno -Comisión de Extensión Universitaria:1 vacante no sector de estudantes,
-Comisión de Ordenación Académica e Validacións: 1 vacante no sector de estudantes

Non houbo candidaturas.

Punto 13. Rogos e preguntas.

A profesora Carballo-Calero roga que se axilicen os trámites para a anulación en BOE da Cátedra de Historia Antiga aprobada na anterior Xunta de Goberno.

O profesor Candelas manifesta a súa preocupación polo retraso da posta en marcha do cuarto ciclo e do Instituto de Idiomas. Pregunta pola homologación do título que se imparte na Escola de Negocios de Caixanova e roga que se poñan os medios para que o servizo de seguridade do Campus cumpra as súas funcións.

A Sra. Corbacho pregunta pola iluminación do edificio de Dereito Económico e polas antenas de telefonía móbil que hai cerca dese edificio. Roga que se estudien medidas para unha mellor ordenación do tráfico no Campus de Lagoas-Marcosende.

O profesor Vilas pregunta pola incorporación dos remanentes de proxectos de investigación. Roga que se poñan bandas sonoras no Campus nas zonas de curvas en pendente.

O profesor R. Berrocal pregunta pola convocatoria de produción científica e de axudas de investigación. Pide aclaracións sobre os accesos ó campus e sobre os aparcamentos en Ciencias. Pregunta se se van actualizar os datos sobre Cidade Universitaria na páxina web.

O Sr. Garrido roga que a Unidade Técnica coide as formas no que atinxe ó uso do galego. Pregunta se haberá unha capela no Campus.

O Sr. Cebral pregunta pola marquesina e polo paso de peóns en Industriais que xa fora solicitado hai tempo.

O profesor Durany roga que se estudie unha boa ordenación do tráfico no Campus de Lagoas-Marcosende e que se estudie a posibilidade de retirar ou bloquear coches cando obstaculicen claramente a circulación.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:15 horas do día 24 de xaneiro de 2002 da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo